

## APROXIMACIÓN Á TOPONIMIA MENOR DE PAINCEIROS

Vanesa Touriño Touriño

### Introdución

Painceiros é unha das aldeas que, xunto con Armonda, A Lamosa, Moimenta e Paredes, forman a parroquia de Moimenta (Santa María), pertencente ó concello de Campo Lameiro (Pontevedra). A aldea de Painceiros está formada por tres núcleos ou lugares: *O Regueiro*, *O Quinteiro de Riba* e *O Quinteiro de Baixo*.

O traballo realizado, de recollida e análise da toponimia menor da aldea, é moi amplio. Sería imposible tratar tódolos topónimos nesta breve comunicación, pois ascenden a 230. Aquí limitareime a ofrecer unha visión xeral. En principio expoño unha clasificación semántica dos topónimos recollidos e despois, máis pormenorizadamente, tratarei os orotopónimos e os fitotopónimos (e con estes os referidos ós labores do campo).

A miña escolla non é arbitraria. Os topónimos referidos á oronimia son moi abundantes, e os referidos á flora, sobre todo os que teñen que ver coas tarefas do campo, son de vital importancia nun núcleo rural dedicado fundamentalmente á agricultura. Na análise más pormenorizada fago unha breve descripción dos lugares, pois en ocasións as características do terreo axudan a esclarecer a significación dos topónimos.

### Clasificación semántica dos topónimos

Atendendo ós seus significados orixinarios, clasifiquéi os topónimos nos seguintes grupos, seguindo unha clasificación semántica convencional (Navaza 1992):

1. Topónimos que fan referencia a características orográficas ou á constitución do terreo: *As Aguilladas*, *A Chan da Ermida*...
2. Relativos á hidrografía e ás augas: *A Fontiña*, *A Rega das Mos*, *Regolaceira*, *O Regueiro de Baixo*, *O Rego das Redes*...

Vanesa Touriño Touriño

---

3. Relativos a formas de asentamento humano, tipos de núcleos de poboación ou fórmulas de propiedade. *O Castro, Casal, O Quinteiro de Riba, O Quinteiro de Baixo...*
4. Referidos a construcións ou edificacións diversas: *Cabanelas, A Casanova, A Casa da Torre...*
5. Relativos á flora: *O Acival, Panceiros, A Bugalla (A Bugalla)...*
6. Os que fan referencia á fauna: *A Alvariza, A Porqueira...*
7. Os relativos a fundacións relixiosas e nomes de santos. *Cruceiro de Baixo, Cruceiro de Riba, A Cruz de Campelo...*
8. Os formados a partir de nomes persoais. *O Amaro, A Rodriga...*
9. Outros. Neste apartado inclúo:
  - 9a. Topónimos relativos ás vías de comunicación. *Camiño da Veiga da Porta, As Pontellas...*
  - 9b. Topónimos que aluden á posición relativa: *A Daquel Cabo, As do Medio, A de Ribas do Camiño...*
  - 9c. Os formados por xentilicios ou sobrenomes que á súa vez derivan de topónimos: *A Cutiana* (relativo a unha persoa que procedía do lugar de *Cutidán*), *Vilara* (idem do lugar de *Vilar*)...
  - 9d. Outros de escura significación, para os cales só podo ofrecer hipóteses. Son os seguintes:
 

*A Conla.* É o monte máis importante do lugar. Puidera estar relacionado co substantivo *con* 'rocha', de probable orixe prerromana, posto que é un lugar moi elevado e extremadamente pedregoso.

*A Costa de Bortegal.* O segundo elemento semella escuro, mais podería ser alteración dun derivado en *-al* (<-ALE) a partir do nome das *abróteas*, nome local da planta que noutras zonas chaman *abrótegas*.

*As Ichovas.* Podería ter relación con *ichó* (< lat. OSTIOLU), pero resulta de difícil explicación.

*As Maroucas.* O diccionario de Eladio Rodríguez recolle *marouca* como 'muller de mal vestir'). Dálle nome a unha casa e talvez se refire ás antigas donas da casa, pero é moi arriscado afirmalo, pois na actualidade non se conserva memoria da razón do nome.

*O Palmaciño.* Quizais sexa alteración dun diminutivo da voz castelá *Palomar*, dado que existe a certa distancia unha veiga así denominada (*O Palomar*).

## Aproximación á toponimia de Panceiros

*A Perreita.* É un lugar moi costento. No fondo desta veiga (*veiga* é denominación xenérica local co significado de 'propiedade') atópase o río. Puidera ser alteración dun primitivo *Pedra ergueita* ou *Pedra dereita*. As características do terreo nese lugar non contradíñ a posibilidade de que o primeiro elemento de *Perreita* sexa unha alteración de *pedra*.

*Tescampo Redondo.* Resulta escuro o *Tes-* inicial. Na documentación escrita que manexamos xa figura o topónimo coa forma actual, polo que non podemos saber se constitúe unha alteración de *Teso do Campo Redondo*, de *Tras Campo Redondo* ou dalgunha outra posible forma orixinaria.

### Orotopónimos

Os topónimos que fan referencia á orografía ou constitución do terreo son os seguintes:

**As Aguilladas**

**Os Aguillóns**

Estes dous topónimos denominan picos elevados do monte. A realización local é con gheada (*As Aghilladas / Os Aghillóns*). Están moi próximos entre si, e forman parte da estrema que delimita o territorio da aldea de Panceiros.

*Aguillada* e *aguillón* teñen correspondencia en substantivos do léxico común. *Aguillada* procede do latín vulgar \*AQUILEATA, abreviación de PERTICA \*AQUILEATA ou ACULEATA, orixinariamente 'bastón provisto de aguillón'. *Os Aguillóns* vén do latín vulgar \*AQUILEO, -ONIS. Ambos están emparentados con *aguilla*. É un topónimo frecuente na toponimia galega, alusivo á formas de orografía aguda e elevada.

**As Barrocas**

**As Barriñas**

O primeiro é o nome dun conxunto de veigas e monte inculto, pedregoso. Posúe abundante flora, desde monte baixo (carrasco, toxo, xestas...) ata carballos e algúns castiñeiro. O segundo denomina unha casa e ó mesmo tempo unha familia do lugar, orixinaria desa casa (*Susa das Barriñas, José das Barriñas...*).

Son quizais topónimos emparentados cos substantivos *barranca*, *barranco*, etc., que se aplican a desniveis no terreo, e posiblemente teñan relación con outros derivados dunha raíz BAR- prerromana, que E. Rivas explica co significado de 'altura' (a forma *-rr-* podería ser enfática). *Barriñas* é o plural do diminutivo de *barra*.

**As Buratiñas**

Son veigas cercadas por muros de pedra, moi antigos. Foi terreo inculto, agora con eucaliptos, piñeiro e monte baixo. Atópanse situadas nun nivel máis baixo que os seus arredores, nas proximidades do río dos Calvos. O nome contén unha forma diminutiva de *burata*, feminino de *burato*, *buraco*. Son substantivos comúns en galego.

Vanesa Touriño Touriño

go, que conteñen a raíz indoeuropea, probablemente céltica, *\*bur-* / *\*bor-* ('perforar, furar'), que Corominas emparenta coa voz mifota *burgar* 'cava-la terra'. A motivación deste topónimo é clara; a orografía destas veigas, nunha depresión do terreo, ten grande similitude co que coñecemos como *buracos* ou *buracas*.

### O Cantíño

É unha veiga de tamaño reducido, cercada con muro de pedra moi antigo. A súa situación é moi recollida, nun recantío. Utilizada para o cultivo da pataca. Hoxe a ermo, conserva maceiras e vías.

Estamos ante un diminutivo de *canto*. Segundo Rivas, *canto*, *recanto*, etc. teñen orixe nun preindoeuropeo *\*can-t-*, cun significado orixinario 'rocha', ainda que logo adquiriu outros significados. Os dicionarios recollen *canto*, *recanto* e *cantón* co significado de 'esquina', e esta ha de ser a motivación que orixinou o topónimo, dada a situación desta veiga.

Chan da Batalla  
 Chan da Carballeira  
 Chan da Lagoa  
 A Chan da Ermida  
 A Chan da Lama  
 A Chan da Susana  
 Os Chans  
 A Pedra Chan

No galego da zona, na forma *chan* conflúen o masculino e o feminino correspondentes ó latín PLANU, PLANA. Son substantivos comúns na fala e na toponimia locais. Nos topónimos *Chan da Batalla*, *Chan da Carballeira* e *Chan da Lagoa*, a ausencia do artigo non permite coñecer o xénero orixinario *chan*. Todos eles son zonas planas situadas no monte; o segundo posúe restos de arte rupestre, en concreto petroglifos con escenas de equitación. *Chan da Lagoa* é o nome dun monte frondoso e húmido, onde en inverno se forma unha lagoa. *A Chan da Ermida* é unha zona de monte baixo, próxima ó núcleo de casas. *A Chan da Lama* é un monte dedicado a pasto de vacas e bestas; noutro tempo nese lugar recollíase toxo para o estrume. En *A Chan da Susana*, nome da parte chá por onde pasa a estrada e do conxunto de veigas inmediatas, o segundo elemento é un antropónimo feminino. *Os Chans* son veigas nun terreo pouco produtivo onde antes se cultivaba centeo; na actualidade é monte inculto. En tódolos casos precedentes, *chan* é substantivo (masculino ou feminino); en *A Pedra Chan*, nome de veigas de labor e parte de monte onde abundan as laxas, *chan* é o adjetivo feminino.

Esta forma está moi presente na toponimia local, o que se explica pola orografía do lugar, situado nun pequeno val, onde os chans delimitan lugares moi concretos.

## Aproximación á toponimia de Panceiros

### **Costa da Carga (Costa da Cargha)**

**A Costa de Borteal**

**A Costa dos Valiños**

*Costa* procede do latín COSTA, ‘costado, lado do corpo’, que en romance adquiriu tamén o significado de ‘costado ou lado dunha montaña’. *A Costa da Carga* é o nome dunha zona en pendente, de monte e de veigas dedicadas fundamentalmente á herba seca para o gando. *A Costa de Borteal* e *A Costa dos Valiños* están situadas no monte, a segunda preto do río.

**Coto da Pereira**

**O Coto das Carballas**

**O Coto do Carope**

**O Coto dos Fornos**

**Coto dos Miñóns**

**Cotedeiras**

Todos estes topónimos están situados no monte, nas zonas más elevadas. É un tema moi frecuente na toponimia galega. Temos preto de 200 topónimos maiores.

Possiblemente con orixe na base prerromana \*cott, ‘prominencia, altura rochosa’. Voces derivadas: *cota* ‘parte oposta a un fío’; *cotarelo* ‘montículo’; *cote* ‘anaco pequeno de terreo’; *cotelear* ‘dar cabezadas’.

Polo que respecta ó segundo elemento, no topónimo *Coto da Pereira*, teñido que salienta-la dúbida sobre a súa procedencia. *Pereira* pode estar relacionado coa árbore homónima, pero tamén con lugares altos e pedrosos. O lugar ten relación con ambas cousas, por un lado danse os estripos, e por outro, hai abundancia de pedras.

### **O Curuto**

Dálle nome a unha casa. Situada nunha das zonas más altas do núcleo habitado do lugar.

Estamos ante un tema antigo pero ainda vivo en Galicia. E. Rivas fala dunha liña evolutiva: *rocha* → *monte ou alto* → *terreo duro* → *valado*. Sería unha variante da raíz \*kar-, \*kor- ‘rochá’. Dada a súa antigüidade a semántica variou. Neste caso concreto, a motivación do topónimo deberíase á altitude do lugar.

### **O Outeiro das Senlas**

O primeiro elemento deste topónimo procede do adjetivo ALTUS, empregado para designar sitios elevados, como é o caso.

Ernout, xa daba conta, segundo E. Rivas, da aplicación do derivado ALTUM, ALTARIUM á orografía, podería ser un sinal do influxo da Igrexa nos primeiros anos do cristianismo. Na toponimia galega é o radical OUT- o de máis espallamento.

Polo que respecta ó segundo elemento, puidera estar relacionado co verbo *asenlar*, palabra viva na zona, co significado de divisar, mirar dende un alto.

Vanesa Touriño Touriño

**A Pedra Pinta**  
**Leira da Pedra**  
Son veigas, en zona chan. Grande produtividade. Cultivo de todo tipo: millo, patata, xudas...

**Espedregada**  
Zona do monte moi pedregoso, abundancia de laxas.  
Son topónimos con significación evidente, todos teñen presenza de laxas.

**Pena Redonda**  
Zona agreste de pedra pequena. Moi preto do núcleo habitado do lugar.  
A procedencia puidera estar na raíz PENN- / PINN- 'rocha'. Varias versións sobre a orixe: dende precéltica e preibérica (Bourciez e Alvan) a italo-celta (Dauzat e Rostaig).  
Do que si podemos estar seguros é da cantidade de topónimos que posúen esa raíz. Nunha rexión tan montañosa como é Galicia, non estrafía. Cando menos 670 topónimos maiores proceden desta raíz oronímica.

**As Valiñas**  
Denomina unha casa. Hoxe aínda habitada.

**A Valiña Cova**  
Zona moi montañosa, a inculto. Máis preto do núcleo urbano do lugar.

**O Valiño**  
Son veigas.

**Os Valiños**  
Situado no monte.

**Musío dos Valiños**  
Estamos ante un topónimo, procedente do latín VALLIS, moi frecuente na zona, non só no lugar, tamén no resto da parroquia. É significativa a convivencia da forma más antiga (a feminina) coa más recente (a masculina). Trátase dunha forma que acabou sendo un apelido moi común na zona.

#### Fitotopónimos

**O Acival**  
Monte alto.

**Fonte do Acivo**  
Situada no alto do lugar. Én un regueiro que chega a unha fonte, non hai moitos anos abundaban os acevos.

## Aproximación á toponimia de Panceiros

### O Acivo

É un conxunto de veigas, moi próximas á estrada pola que se chega a Panceiros.

O étimo de *Acivo*, procede dunha variante vulgar latina de AQUIFOLIUM. Sería unha palabra composta de *folium* 'folla' e o radical *ac-*, de *acuere* 'ser agudo'.

Derivado deste *acivo*, é *Acival*, con sufijo abundancial, que xa se deu no romance.

Os acevos son árbores ou arbustos moi comúns nesta aldea.

### Bouza de Quintas

Sitúase na faldra do monte da Conla. Neste lugar abundan as xestas e as urces.

Gonzalo Navaza (2006:94-95) resume as diversas hipóteses sobre a orixe: Gonçalves Viana emparenta esta voz co adjetivo latino *balteus*, -ea 'o que cingue' (tamén defendido por Meyer Lübke e J.P. Machado). Por outro lado H. Meier, emparenta a voz con *busto*, deverbal de \**bustiare* 'queimar'. En desacordo con esta hipótese, Piel fala dun posible substrato galaico que dese xa no latín medieval a forma *bauza*. Krüger tamén propón unha orixe prerromana \**bauttia*, ó igual que E. Rivas, emparentándoa cun substrato preindoeuropeo, concretamente euroafricano, *balsa*.

### A Bugalla (A Bughalla)

Dálle nome a unha casa. Situada nun alto.

Este topónimo fai referencia ós *bugallos* das árbores, principalmente dos carballos, son esas excrecencias en forma de bóla que se dan nas árbores. E. Rivas parte da suma da forma latina *baca* 'baga' + \**gallea*, do latín *galla* 'agalla'. Pero tamén sabemos dunha posible base celta \**bullaka* 'pústula'.

Este topónimo, chegou a ser un apelido moi común (na forma masculina).

### A Carballa Canceira

#### A Carballeira do Rei

Parte do monte moi alta. Vexetación de carballos e acevos fundamentalmente.

### A Carballeira

Zona con dúas partes diferenciadas, unha ten carballos e outra veigas cultivadas.

#### O Carballo Grande (O Carballo Ghrande)

Dálle nome a unha casa.

Para Sarmiento, *carballo* derivaríase do latín *quercus*, da forma QUERQUALIO, para dar logo CARQUALIO e de aí *carballo* (Vegetables, 484). Hoxe crese que *carballo* é prerromano, procedente de *carba*, máis un sufijo \*-ALIU.

O significado desta raíz CARB-/ CARV- semella ser 'ramaxe'. Planta de terreo fragoso, de rocha, planta dura de \**kar-* 'rocha'.

A importancia do carballo en Galicia é enorme. Os topónimos maiores e menores son incontables.

## Vanesa Touriño Touriño

**O Nabal****As Nabeiras**

*O Nabal* é un topónimo moi frecuente nesta aldea. Ten o significado de horta onde se cultivan produtos básicos, como cebolas, porros, verzas.... Hai uns cinco nabais (*O Nabal da Sobreira, O Nabal das Piñeiras...*).

Derivados de *nabo*. Procedente do latín *NAPU* 'nabo', latín vulgar *NAPALE* 'plantación de nabos' > *nabal*; *NAPARIA* > *nabeira*, ambos co significado de 'terra de nabos'.

**As Nogueirías (As Nogheirías)****Son veigas cultivadas.**

Procedente da base latina *nuce*. Nogueiriña, diminutivo de Nogueira, do latín vulgar \**NUCARIA* 'nogueira'. Segundo Sarmiento, creouse *NUCARIA*, de xeito paradigmático con *piraria, matianaria, ficaria...* E. Rivas xa constata a presenza de *nucarium* 'plantación de nogueiras' e *nucarius* 'nogueira'.

**Painceiros**

É o nome desta aldea.

**O Peizal**

Son veigas cercadas, coñecidas pola gran calidade do millo que alí se cultiva.

Ambos fan referencia ó *patnzo* (do latín vulgar *PANICIU*). Tamén coñecido como *millo miúdo*. Foi cultivado durante moito tempo neste lugar.

**As Pereiras**

Son veigas moi pequenas. Antigamente dedicadas ó millo restabeiro e ó centeo. Agora con presenza de eucaliptos e estripo.

Navaza Blanco (2006:403 e ss.) fala da posible confusión entre os derivados de *PETRA* 'pedra' (*PETRARIU*) e os derivados de *PIRUM* 'pera' (*PIRARIU*). A documentación antiga que consultei non esclareceu esta dúbida. Non descarto ningunha das posibles orixes, porque o lugar é algo pedregoso, pero, como xa indiquei, alí danse os *estripos*, cun froito coñecido como *pero*.

**As Piñeiras**

Con este topónimo denominase unha das casas do lugar e, igual que nos outros casos, a familia que nela vivía. Hoxe segue habitada pero non permanentemente.

O topónimo semella ter relación co *piñeiro* (< lat *PINARIU*) ou cos froitos deste, as piñas. Non cremos que deba explicarse polo castelanismo *peña* (galego *pena*), por máis que sexa unha zona de abundantes pedras, que mesmo dificultaron a construción da casa.

**O Salgueiro (O Salgueiro)****Os Salgueiríños (Os Salgueiríños)**

A orixe do termo estaría no termo latino *SALICE* (latín vulgar \**SALICARIU*). É unha árbore moi común, de zonas húmidas, principalmente.

## Aproximación á toponimia de Panceiros

### A Sobreira

Neste caso dálle nome a unha casa, polo tanto tamén a unha familia.

A súa orixe está no latín SUBERARIA, é o nome galego máis común para designar o *Quercus suber*.

### O Souto

#### A Chan do Souto

Dálle nome a unha casa, polo tanto a unha familia. Tamén son as veigas más achegadas, dedicadas ó pasto, ó cultivo de pataca e ás viñas. *A Chan do Souto* é o lugar polo que, na actualidade, pasa a estrada principal.

### O Urcedo

Dálle nome a unha casa, nunha zona na que abundan as urces.

É o substantivo *Urce*, co engadido do sufijo abundancial. O éitimo sería ULICE-TO, de *Ulex* 'uz, urce'.

### O Toxalcíño

Dálle nome a un conxunto de veigas, con abundante vexetación. Principalmente, ten toxos e xestas, en tanta cantidade que hai tempo que se dubida sobre a localización das extremas.

Estamos ante un abundancial de *toxo*. Procedente dunha posible base prerromana \*TOIU.

## Topónimos referidos a labores agrícolas

### O Agro Novo (O Aghro Novo)

Son veigas moi próximas ó río.

### Os Agros (Os Aghros)

Son veigas situadas no alto da aldea.

Estes topónimos teñen a súa orixe no latín *ager*, *agri* 'campo'. Corominas fala de dúas acepcións, 'extensión de terra de labranza' e 'territorio dunha cidade'. Entrando na antigüidade coa segunda acepción, e despois en calidade de cultismo para a vida moderna; en Galicia entrou coa primeira acepción (nalgúns casos entre o semicultismo e o popular).

### A Cavadiña

#### Muíño da Cavadiña

Este participio do verbo *cavar* (do latín CAVARE), fai referencia a outro dos procesos necesarios para o posterior cultivo dunha veiga. Neste momento, a voz *cavar* foi desprazada polo sinónimo *sachar*.

### Cachadiña(s)

Son veigas cercadas, tiveron monte, agora piñeiro, eucaliptos, carballos...

Vanesa Touriñío Touriñío

### A Cacharela

É terreo communal, cachado no seu tempo polos veciños, agora con monte baixo.

### As Cachupeiras

Son veigas moi húmidas, usadas para o pasto do gando e a recollida de herba.

Derivado de *cachopa* 'tronco dunha árbore' que tamén ten relación co verbo *cachar*.

Son topónimos derivados do latín vulgar CAPULARE 'cortar', latín tardío CAPP(E)LARE 'cortar, dividir'. *Cachar* é unha voz moi común en Panceiros, co significado de 'prepara-la terra para o cultivo'.

*Cachadiña* é o diminutivo de *cachada*, mentres que *Cacharela* é un intermedio, \**cachara* (cfr. *coto* / *cótaro*, *píllara*, *bugallara*), con sufijo diminutivo.

### A Cernadía

#### Muñío da Cernada

#### Cernadas

Son veigas de cultivo, situadas preto do río.

Estes topónimos están relacionados cun proceso agrícola moi común. Despois de cavar ou rozar un monte, cómpre queima-los restos.

Segundo a Cabeza Quiles, a orixe deste topónimo estaría en \*(TERRAS) CINERATAS ou *incineradas*.

### Fabeiro

Este lugar forma parte do monte, e está no linde con A Lamosa. Caracterízase por ter toxos e piñeiro, ademais de pedras moi pequenas, moi semellantes ás fabas. Este parecido pode ser la causa dessa denominación. Os informantes falaron dessa similitud e da súa utilización en xogos infantís. O non atopar outra explicación, non descarto esta hipótese, pois non parece que se tefian cultivado fabas nese lugar.

### Vesadiñas

Son veigas cultivadas, polas que transcorre unha presa de auga. Nelas dáse o millo, herba para o gando, horta...

É un diminutivo procedente do latín (TERRA) VERSATA 'terra labrada con arado', do latín VERSARE 'dar volta'.

*Aproximación á toponimia de Panceiros*

## BIBLIOGRAFÍA

- Cabeza Quiles, F. (1992): *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Corominas, J. e Pascual, J. A. (1987): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Editorial Gredos.
- Navaza, Gonzalo (1992): «Limiar», en Cabeza Quiles, F., *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotponimia galega*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega - Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Sacau Rodríguez, G. (1996): *Os nomes da terra de Vigo. Estudio Etimológico*. Instituto de estudios vigueses. Vigo.
- Sarmiento, Fr. Martín (1998): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. Edic. J.L. Pensado. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Rivas Quintas, E. (1982): *Toponimia de Marín*. Anexo 18 de *Verba*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.
- Rodríguez González, E. (1980): *Diccionario encyclopédico galego-castelán*. Galaxia. Vigo.

## NOTAS

1. *Estripo*: nome polo que se coñece nesa zona a árbore que dá peros (peras bravas).